

Discurso do Excmo. Alcalde de Santiago de Compostela, Xosé A. Sánchez Bugallo, no acto de imposición da Medalla de Ouro ao Mérito Cultural e de nomeamento de Fillo Adoptivo ao doutor Álvaro Siza Vieira.

Saúdo en función dos presentes.

A celebración do vixésimo aniversario da designación da cidade histórica de Santiago de Compostela pola Unesco como Patrimonio da Humanidade vén coincidir coa concesión dun novo galardón a esta cidade que se honra en asumir a representación de Galicia como a súa capital. Capital política, mais sobre todo afectiva e simbólica. Un longo camiño percorrido que ten moitos protagonistas entre os que vou citar só tres que desempeñaron un papel fundamental hai agora dúas décadas na consecución de tan preciado galardón. Xerardo Estévez, alcalde impulsor da iniciativa e que hoxe lamentablemente non pode compartir esta xornada connosco; Rafael Baltar, destacado entre todo o equipo técnico que preparou a pertinente documentación para a Unesco, e finalmente, Javier Solana, ao fronte do Ministerio de Cultura, órgano que presentou e respaldou a candidatura da nosa cidade.

Precisamente, vinte anos despois, o mesmo Ministerio de Cultura acaba de conceder o premio Cidade Patrimonio da Humanidade en atención, e cito literalmente, “ao noso permanente labor na conservación e rehabilitación do conxunto histórico e á nosa constante preocupación por dotarnos de instrumentos de planeamento xeral, especialmente dos que se incorporan á rehabilitación do caserío, á recuperación e incorporación dos espazos públicos á cidade declarada patrimonio mundial, e á preocupación constante por integrar os cometidos que a arquitectura contemporánea cumpre na súa paisaxe urbana”.

Hoxe comparte connosco esta celebración un dos artífices deste recoñecemento, recoñecemento que se engade á longa listaxe de premios e galardóns nacionais e internacionais que todos temos presentes e que prescindo de enumerar. O doutor Álvaro Siza Vieira, que foi glosado con atinadas palabras de fermosa arquitectura polo seu colega Manuel Gallego Jorreto, fixo unha achega fundamental na paulatina e progresiva revitalización e rehabilitación do noso conxunto histórico artístico, que recobrara o seu esplendor, tras unha prolongada etapa de letargo, na década dos 90 co decidido e decisivo respaldo do reactivado Real Padroado de Santiago de Compostela e do seu órgano executivo, o Consorcio da Cidade.

Álvaro Siza foi un dos redactores do Plan especial de rehabilitación do casco histórico, ferramenta fundamental sobre a que se asentaría o modélico e exemplar proceso de revitalización dun conxunto histórico posiblemente sen parangón polas súas características, cuantitativas, e sobre todo cualitativas. Falamos de máis de dúas mil seiscentas edificacións, de sete mil vivendas, na súa maior parte ocupadas e, por tanto, vivas, e de trinta construcións de diversa envergadura cualificadas pola súa singularidade como bens de interese cultural. Falamos dun patrimonio histórico e monumental no que se superpoñen ao longo dos séculos, como progresivas pinceladas dun mesmo lenzo, estilos arquitectónicos ben distintos, se ben con predominio do barroco, cun asombroso equilibrio que culmina a súa máis fermosa expresión na praza do Obradoiro. Un espazo do cal ben podemos afirmar sen rubor que é unha das prazas máis fermosas do mundo.

Dous factores confluíron venturosamente na preservación deste vasto e rico legado. Dunha banda as cualidades dos propios materiais construtivos, fundamentalmente granito e madeira, de gran robustez para afrontar os achaques do tempo e o consubstancial deterioro ao uso e a un clima no que predomina un axente tan erosivo como a choiva. Doutra banda, os seus propios moradores, xeracións de veciños que mantiveron vivo e fermoso, cos seus coidados e cariño, o noso máis prezado tesouro: a cidade histórica.

Eles foron os artífices e protagonistas principais que permitiron situar Compostela entre os conxuntos históricos máis estimados e recoñecidos do mundo, ao abeiro tamén da nosa condición de final dos camiños de Santiago.

Por todo isto, estes actos conmemorativos non podían comezar doutro xeito que coa cariñosa homenaxe que onte mesmo o Concello ofreceu a todos eles na figura dos nosos maiores residentes na zona histórica.

Neste contexto, a primeira das intervencións de Álvaro Siza en Santiago de Compostela, o Centro Galego de Arte Contemporánea, no ámbito do Plan especial e nunha localización tan sensible e delicada como San Domingos de Bonaval, a carón da igrexa de San Domingos, do convento, do Panteón de Galegos Ilustres e do Museo do Pobo Galego, xunto a un dos elementos arquitectónicos máis fascinantes de Compostela, as increíbles escaleiras de Domingo de Andrade, no epicentro mesmo, por así dicir, da alma e da sensibilidade do noso pobo, implicou a primeira confrontación da arquitectura contemporánea co poderoso legado do pasado. Unha intervención, lembremos, non exenta de polémica.

Lonxe de medirse con estas construcións, a sensibilidade de Álvaro Siza, o seu profundo coñecemento e respecto á historia e circunstancias do lugar, previo a calquera intervención, a actitude humilde e atenta que caracteriza o seu traballo, resolveu acertada e brillantemente un espazo complexo cun edificio que, asentado co paso dos anos, nunca competiu cos seus compañeiros do lugar, senón aos que, máis ben, saúda amigable.

Entendendo que a arquitectura responde esencialmente a un fin, a unha utilidade, e que, por riba de todo, “debe satisfacer á razón” cumprindo a súa función, Siza crea un mundo luminoso que acolle e resalta as obras que deben ostentar todo o protagonismo que lles corresponde, sen competir co espazo que temporalmente ocupan.

A súa segunda, e igualmente magnífica, actuación en Compostela acentúa aínda máis a compenetración co espírito do lugar, co *genius loci*. O vello cemiterio de San Domingos, un recuncho esquecido e sombrío, devorado pola vexetación e o esquecemento, e á vez encravado no mesmo corazón da cidade, coa abafante personalidade dun lugar cheo de ausencias, foi afortunadamente recuperado. Dez anos despois, calquera paseante deste singular parque percibe o seu poderoso influxo grazas a que a sensibilidade de Álvaro Siza foi quen de atender, primeiro, e de preservar, despois, a maxia dun lugar que lonxe de causar desasosiego resulta excepcionalmente acolledor.

Finalmente, a carón da cidade histórica, Álvaro Siza achegou outra peza singular nun lugar que expresa claramente a nova Compostela, moderna e axeitada ás necesidades cidadás: a Facultade de Ciencias da Comunicación, anexa á Facultade de Filoloxía, á Residencia de Estudantes, ao Auditorio de Galicia, ao novo hotel situado na Finca de Lois e inaugurado onte mesmo e ao parque “Música en Compostela”.

Novamente, o edificio parte da consideración do contorno, do lugar concreto, na procura dunha harmónica integración entre o medio e a arquitectura, sen as tensións entre ambas que tanto caracterizan, desafortunadamente, un tipo de arquitectura pública máis proclive á súa mera repercusión mediática que á necesaria resposta a necesidades reais. De novo, como antes no CGAC, atopamos neste edificio, discreto e sereno, unha meticulosa indagación nos recursos e valores da luz, ferramenta aparentemente etérea mais que confire aos espazos a mesma solidez que o granito.

A Excm. Corporación de Santiago de Compostela hónrase, pois, en conceder a Medalla de Ouro ao Mérito Cultural, ben humilde galardón para quen recibiu os recoñecementos e premios máis sobranceiros do mundo, entre eles o Premio Mies Van der Rohe e o Premio Pritzler.

Asemade, considerámolo, a partir de hoxe, Fillo Adoptivo desta cidade, transmitindo o noso cariño e afecto a quen contribuíu a forxar e engrandecer Compostela co mesmo afán que os mestres do pasado, amosando, ademais, en cada unha das súas actuacións, que a modernidade é perfectamente compatible co respecto á tradición e á historia, e que a mestura e agregación de estilos e facturas arquitectónicas, ben concibidas e executadas, non perturba senón que resalta o patrimonio, como ben se reflicte na mellor expresión desta decantación estilística que temos en Compostela, a propia Praza do Obradoiro.

Este é o camiño que emprendeu esta cidade, capital de Galicia, que, preservando o seu patrimonio de xeito considerado unanimemente exemplar, non renuncia á súa lexítima ambición de desenvolvemento urbanístico e económico, con parámetros de sostibilidade, garantindo o respecto polo contorno, na procura da máxima calidade de vida dos nosos cidadáns.

Nese propósito, queremos reiterar, ao querido Siza, a súa impagable contribución. Motas grazas Doutor.